



FICHA ARTÍSTICA

LETRAS: Garchu, Pirola e Petrowski

INSTRUMENTAIS: Petrowski

XÉNERO: rap galego



75'



TODOS OS PÚBLICOS

EZETAERRE

PÓLVORA E TORMENTA

A BANDA

Ezetaerre é un grupo de rap combativo é en galego. O grupo, formado por Garchu, Pirola e Petrowski, comezou a súa traxectoria no 2016, chegando a ser en moi pouco tempo unha das bandas revelación do panorama galego.

A banda formouse coa vontade de utilizar a música como unha ferramenta, coa intención de mudar a realidade: “Sabemos que temos todo un mundo que mudar e que a cultura é unha das trincheiras a conquistar. Seguiremos sendo dignas, humildes, solidarias; facendo música para o pobo na lingua do pobo”.

O ESPECTÁCULO

As cancións de Ezetaerre están cheas de referencias políticas e culturais, cuns ritmos melódicos e eclécticos afastados do rap máis convencionais: coa combatividade por bandeira e a convicción de poñer a música ao servizo da xente.

Tras publicar o seu primeiro LP, *Aspiracións mínimas e urxentes*, o maxi *100* e varios singles, como *A herdanza do vento*, *Non é verán de Estrella Damm* e *Esmorga Inferno*, Ezetaerre publica agora *Pólvora e Tormenta*, un traballo que reflicte a evolución da que fai gala o grupo.

Novas letras, novos ritmos e novas ideas, pero sempre baixo a mesma consigna: dignidade, solidariedade e humildade.



INFO



VÍDEO

CULTURACTIVA